




COALICIÓN DE GOBERNO: PSdeG-PSOE – BNG en Oroso


PRIORIDADES DA COALICIÓN PARA A LEXISLATURA


- Transparencia na xestión do concello
- Reurbanización, mellora e remate das seguintes rúas: Rúa do Portiño, Avenida da Grabanxa e Estación de Vilacide.
- Sinalización de todos os núcleos do concello
- Construción dun novo Centro de Saúde. Mentres non sexa posible, acondicionar un novo local para o Servizo de Pediatría. Xestionar a posibilidade de que haxa atención médica polas tardes no Centro de Saúde.
- Acondicionar os locais sociais, programarlles actividades e, dentro do posible, dotalos de medios informáticos e internet.
- Mellorar e ampliar os parques infantís e as pistas polideportivas en todo o concello.
- Reparar, mellorar e dotar o polideportivo municipal.
- Colaborar na ampliación dos cemiterios parroquiais e estudar a creación dun cemiterio e mais dun tanatorio en Sigüeiro.
- Construción da rotonda de entrada ao parque empresarial de Sigüeiro.
- Xestionar o remate das concentracións parcelarias pendentes.
- Traballar para que a AP9 teña entrada e saída Sigüeiro-Santiago e Santiago-Sigüeiro.
- Ampliar as redes de sumidoiros e de abastecemento de auga potable nas parroquias.
- Revisar, mellorar e ampliar, no seu caso, a depuradora.
- Aproveitamento real dos ríos: finalizar o paseo do Carboeiro e facer as xestións pertinentes para o comezo do paseo fluvial do río Tambre. Mentres, habilitar zonas de baño e paseo.
- Solicitar a construción dun albergue no camiño inglés.
- Facer as xestións pertinentes para a crear un centro de día para as persoas maiores. Mentres non se constrúa, facilitarlles un medio de transporte para que poidan acudir á aula de maiores situada en Sigüeiro.
- Ampliar a gardería e solicitar a creación dunha Galescola.
- Posicionamento a favor da ampliación do Colexio e do IES, coa implantación do Bacharelato e dos ciclos de FP. Apoio á Plataforma creada para tal fin.
- Mellorar as redes eléctricas para evitar os continuos cortes de subministración.
- Internet. Banda ancha para as parroquias.
- Mellorar o sinal de televisión e radio.
- Crear un centro de información á muller e un centro de educación afectivo-sexual.
- Habilitar un local para a implantación dun museo etnográfico.
- Xestionar e realizar unha bolsa de emprego municipal.
- Crear un novo punto limpo e darlle publicidade.
- Solicitar a apertura dunha notaría no concello.
- Normalización lingüística do concello.

En Oroso a luns 25 de xuño de 2007.

PSdeG-PSOE de Oroso


Vanesa Reboredo.


José María Castro Rial.


Antonio Leira Piñeiro.

BNG de Oroso


Diego Boquete Sánchez.


Margarita Mejuto Canabal.


Xosé Pérez Penas.